

PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN POR CONTRATO MENOR DAS OBRAS DENOMINADAS "MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO EN CARRACEDO, SAA, SOUTO E VIGO DE GALEGOS" DO CONCELLO DE LÁNCARA.

Obxecto.-

O obxecto do contrato é a realización dos proxectos técnicos de Mellora enerxética do alumeado público en Carracedo, Saa, Souto, e Vigo de Galegos.

En concreto as actuacións a realizar atópanse incluídas no programa de axudas para proxectos de aforro e eficiencia enerxética para a renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes (ILE) ao abeiro da Resolución do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) de 3 de setembro de 2016 (publicada no D.O.G. en data 15 de setembro de 2016).

O obxectivo fundamental da actuación é a redución do consumo enerxético das instalacións actuais.

O obxecto do contrato corresponde aos seguintes códigos CPV:

- 31527260-6 Sistemas de alumeado.
- 34928530-2 Lámpadas de alumeado público
- 45316000-5 Traballos de instalación de sistemas de alumeado e sinalización.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establece o artigo 6 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Adxudicación.-

A figura do contrato menor está definida polas contías (cando se trate de contratos de obras 50.000 euros) que sinala o [art. 138.3](#) do que establece que os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte con a habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

Segundo prevé o 111 TRLCSP

"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente, ...

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o

presuposto das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran."

Proponse a súa adxudicación como contrato menor, de conformidade co disposto na vixente lexislación de contratos das administracións públicas. Non obstante, á vista do importe das obras, e do disposto na normativa reguladora en materia de contratación pública facilitarase a concorrncia mediante a publicación no perfil do contratante do Concello. A adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación que formule a proposición economicamente máis vantaxosa

O acceso ao perfil de contratante do órgano de contratación efectuarase a través do Portelo da Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no sitio web do concello de Láncara www.concellodelancara.com.

Importe do contrato.-

As actuacións que comprenden as obras que se licitan, teñen un valor estimado do contrato o importe de 29.370,00 €, ao que hai que engadir 6.167,70 € de IVE, do que resulta un importe total de 35.537,70 € coas seguintes intervencións:

- Mellora enerxética do alumeadado público en Carracedo, valor estimado do contrato 11.620,00 euros máis IVE (2.440,20 euros)
- Mellora enerxética do alumeadado público en Saa, valor estimado do contrato 5.695,00 euros, máis IVE (1.195,95 euros)
- Mellora enerxética do alumeadado público en Souto, valor estimado do contrato, 5905,00 euros máis IVE (1.240,05 euros)
- Mellora enerxética do alumeadado público en Vigo Galegos, valor estimado do contrato 6.150,00 euros máis IVE (1.291,50 euros)

Entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas, en relación co importe do imposto sobre o valor engadido, debe indicarse como partida independente, de conformidade co disposto no art. 87 do Real Decreto lex. 3/2011 e modelo de oferta económica do presente prego.

O importe aboarase con cargo á partida 165.639 do vixente orzamento municipal; xa que existe crédito abondo ata o importe aprobado polo concello e queda acreditada a plena dispoñibilidade das seguintes achegas que permiten financiar o contrato.

Criterios de adjudicación.-

As ofertas presentadas valoraranse obxectivamente atendendo ós seguintes **criterios de adjudicación**:

- Prezo: ata 10 puntos; As ofertas presentadas valoraranse obxectivamente atendendo a criterios de proporcionalidade matemática, con arreglo á seguinte fórmula:

Outorgaranse 10 puntos á proposición máis económica, e valorando as restantes segundo a seguinte fórmula:

$P_i = P_{m \times p} \times (\text{oferta máis económica} / \text{oferta a valorar})$

Sendo:

$P_{m \times p}$: Puntuación máxima prevista para o prezo como criterio económico.

P_i : Puntuación alcanzada pola proposición suxeita a valoración.

- Prazo de garantía e conservación da obra: ata 5 puntos. As ofertas presentadas valoraranse obxectivamente atendendo a criterios de proporcionalidade matemática, é dicir, outórgaselle a maior puntuación á empresa que mellor prazo de garantía e conservación ofrezca, e aos restantes en proporción a ésta, por regra matemática de tres.

- Melloras no subministro: nº de luminarias. Ata 5 puntos con arreglo a criterios de proporcionalidade matemática.

A Pobra de San Xiao (Láncara) 6 de outubro de 2016

O alcalde

Darío A. Piñeiro López

Documento asinado electronicamente á marxe

ANEXO I

Prazo de execución.- O prazo para a execución dos investimentos estímase en 15 días, desde o inicio das obras, segundo o proxecto das obras.

O prazo de execución é improrrogable, debendo presentarse factura e acta de recepción con data límite o 10 de novembro de 2016.

Capacidade para contratar.- Poderán concorrer por si mesmas, ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalguna das circunstancias que enumera o art. 60 do R.D. lex 3/2011.

Proposicións: lugar e prazo de presentación.- As proposicións para participar presentaranse no lugar e prazo que se indican, dentro do **prazo dos oito días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta proposta na páxina web www.concellodelancara.com, perfil do contratante**, de nove a catorce horas e en dous sobres pechados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos nos pregos.

Tamén poderán presentarse nos rexistros e oficinas a que se refire o art. 16 da Lei 39/2015, de 2 de outubro. Neste caso, deberase acreditar ante o órgano de contratación, co resguardo correspondente, a data de imposición de envío nas citadas dependencias e anunciar o mesmo día ao órgano de contratación por fax ou telegrama a remisión da proposición por tales medios, que deberá recibirse no concello antes das 14 horas do último día do prazo de presentación. No caso de que transcorran tres días naturais desde a data de remate do prazo de presentación, non será admitida ningunha proposición.

Proposicións.- en canto á documentación administrativa que acompañe á presentación das proposicións **SOBRE A**, de conformidade co disposto na modificación pola lei 14/2013 de 27 de setembro, a achega inicial da documentación administrativa, substituirase por unha declaración responsable do licitador indicando que se cumpren as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, segundo o modelo que se transcribe a continuación:

«MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º ____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____

Concello de Láncara

_____, a efectos da súa participación na licitación
_____, ante _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar na contratación das obras de
_____.

SEGUNDO. Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do art. 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato de obras consistente en _____, en concreto:

- Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, representación.
- Que ten capacidade de obrar e conta coa habilitación profesional necesaria a pra realizar a prestación, e conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no art. 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)
- Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é _____.

TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____, a ___ de _____ de 20__.

Sinatura do declarante,

En todo caso, o licitador en quen recaia a proposta de adxudicación deberá acreditar previamente á adxudicación a posesión e validez dos documentos esixidos. En calquera caso, o órgano de contratación, en orde a garantir a boa fe do procedemento, poderá recabar en calquera momento anterior á

adopción da proposta de adxudicación que os licitadores acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións para ser adxudicataria. O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa administración será o de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A documentación que presentará o proposto como adxudicatario haberá de ser orixinais, admitíndose non obstante, copias dilixenciadas, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais, consistindo na que a continuación se relaciona:

O **SOBRE B: Subtitulado: "Oferta económica".-** conterá a proposición económica formulada conforme ao modelo que se transcribe a continuación:

D./D^a _____ con enderezo en _____
rúa _____ nº _____ teléfono _____ con DNI (o pasaporte
ou documento que o substitúa) nº _____ actuando en nome
propio (ou en representación de _____ DNI ou CIF nº
e con enderezo en _____ nº _____ teléfono
_____) toma parte no procedemento para a adxudicación da
execución das obras comprendidas no proxecto de
..... e a estes efectos fai constar.

1º.- Que ofrece o seguinte prezo:

- A) Prezo sen IVE..... euros) .
B) Imposto sobre o valor engadido (IVE)..... euros
C) TOTAL (A+ B)EUROS

2º.-Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato

3.- Que ofrece as seguintes condicións adicionais en relación coa materia do proxecto:

- a) Prazo de execución _____
b) Prazo de garantía e conservación _____.
c) Que ofrece as seguintes melloras _____

3º.- Que acompaña a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas particulares, comprometéndose á presentación da documentación administrativa que sexa requerida no caso de resultar adxudicatario das obras- .

_____, _____ de _____ de 200__

O LICITADOR (Asinado e rubricado)

Apertura de propostas e adxudicación.- Para a valoración das ofertas, e a determinación da que sexa economicamente máis vantaxosa o órgano de contratación asistido da secretaría, atenderá aos seguintes criterios:

- Prezo: ata 10 puntos; As ofertas presentadas valoraranse obxectivamente atendendo a criterios de proporcionalidade matemática, con arreglo á seguinte fórmula:

Outorgaranse 10 puntos á proposición máis económica, e valorando as restantes segundo a seguinte fórmula:

$P_i = P_{m\text{xp}} \times (\text{oferta máis económica} / \text{oferta a valorar})$

Sendo:

$P_{m\text{xp}}$: Puntuación máxima prevista para o prezo como criterio económico.

P_i : Puntuación alcanzada pola proposición suxeita a valoración.

- Prazo de garantía e conservación da obra: ata 5 puntos. As ofertas presentadas valoraranse obxectivamente atendendo a criterios de proporcionalidade matemática, é dicir, outórgaselle a maior puntuación á empresa que mellor prazo de garantía e conservación ofrezca, e aos restantes en proporción a ésta, por regra matemática de tres.

- Melloras no subministro: nº de luminarias. Ata 5 puntos con arreglo a criterios de proporcionalidade matemática.

Garantía Definitiva: O adxudicatario proposto estará obrigado a constituir, a disposición do órgano de contratación, unha garantía definitiva do 5% do importe da adxudicación do contrato, sen incluír o IVE.

A constitución desta garantía deberá efectuarse polo adxudicatario no prazo de 10 días hábiles, contados dende o seguinte a aquél en que se publique a proposta de adxudicación no perfil de contratante do órgano de contratación. En todo caso, a garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire o artigo 100 da TRLCSP.

Se a garantía se constitúe en Aval ou Seguro de Caución, incorporárase o documento no que se formule ou fotocopia notarial.

Se se constitúe en metálico ou valores, deberá depositarse na Caixa de Depósitos do concello, ou nos establecementos públicos equivalentes, debendo aportar o resguardo acreditativo.

Acta de comprobación do trazado de planta.- Dentro do prazo de dez días seguintes á recepción da notificación da adxudicación, efectuarase a comprobación do trazado de planta, na data en que a administración sinala, quedando obrigado o contratista, a acudir e subscribir a correspondente acta. Se o contratista non acude, sen

causa xustificada, ao acto de comprobación de trazado de planta, a súa ausencia considerarase como incumprimento do contrato. O contratista deberá iniciar as obras dentro dos quince días seguintes ao da sinatura do acta de comprobación, debendo efectuar a apertura do centro de traballo e as obrigas que correspondan coa autoridade laboral.

Cando o resultado da comprobación do trazado de planta demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do director das obras, e sen reserva por parte do contratista, darase a autorización para iniciar as obras, facéndose constar este punto explicitamente no acta redactada; polo feito de subscribir a acta queda notificado o contratista, empezando a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da súa sinatura. O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra, ata recibir a orde correspondente da dirección.

Carteis e sinais.-na data na que se inicien os traballos, o contratista queda obrigado a colocar á súa costa os carteis e sinais relacionados coa obra, e a instalar á súa costa as sinais indicativas de obras, perigo, precaución, desviación, etc, de conformidade co disposto no Código da Circulación e na normativa de Prevención de Riscos Laborais, así como á adopción das precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

Igualmente deberán cumprirse cos requisitos de publicidade establecidos na Resolución do 10 de maio de 2016 para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas mediante proxectos de aforro e eficiencia enerxética na Administración Local.

Pagamento.- Conforme o establecido na disposición adicional trixésimo terceira do texto refundido da Lei de contratos do sector público, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo, en tempo e forma, no prazo de trinta días dende a data de emisión da certificación de obra.

Na factura incluíranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no artigo 72 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas, os aspectos previstos no punto segundo da disposición adicional trixésimo terceira do TRLCSP, polo que faise constar:

- a) Que o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.
- b) Que o órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é Secretaría- Intervención.

- c) Que o destinatario é Concello de Láncara.
- d) Que o código DIR3 é AY.
- e) Que a oficina contable é L01270266.
- f) Que o órgano xestor é L01270266.
- g) Que a unidade tramitadora é L01270266.

De conformidade co disposto na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación de rexistro de facturas no sector público, a partir do 15 de xaneiro de 2015 deberán emitirse as facturas superiores a 5.000,00 mil euros en formato Facturae 3.2, e remitirse a través de punto electrónico de entrada de facturas, en concreto a través do FACe-Punto General de Facturas Electrónicas de la Administración del Estado.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 6 de outubro de 2016

Documento asinado electronicamente á marxe